



# CÓMO FALAR BO CASTELÁN EN GALICIA. A CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA NOS MANUAIS DE BO USO PUBLICADOS NO SÉCULO XIX

**Benigno Fernández Salgado**  
Universidade de Vigo

## 1. Introducción: os manuais de bo uso lingüístico

Cando comecei esta investigación a miña intención era a de describir os contidos e explicar o sentido histórico de dous pequenos folletos da segunda metade do século XIX. A primeira vez que me topei con eles foi hai case dez anos mentres recollía material para a miña tese de doutoramento que finalmente se centrou nos estudos lingüísticos aparecidos no primeiro tercio do século XX.<sup>1</sup> Como se verá, mantiven o propósito inicial só en parte pois no intento de entendelos no seu contexto histórico e social, o meu interese foise escorando cada vez más cara á dimensión escolar e educativa do problema lingüístico ó que os dous libriños pretendían dar resposta. A hipótese que esperaba corroborar era a de que os dous folletos formarían parte dunha certa tradición de represión da lingua autóctona que tiña como fin último a adquisición correcta do castelán.

A comunicación tal e como agora a presento é o resultado dunha pesquisa bibliográfica nos fondos bibliográficos do século XIX. Parte da idea de que os productos (ou os feitos) da historia, por ínfimos e inconexos que nos poidan parecer, adoitan trascender a súa aparente isolación e deixan de ser insignificantes cando se sitúan nas súas xustas coordenadas temporais e espaciais. Neste sentido, a comunicación é o resultado da miña tendencia persoal a facer buscar analogías entre realidades discursivas diversas e desvincular realidades tradicionalmente vincelladas. De feito, outro texto do que tiña noticia, un artigo de Cotarelo Valledor da *Revista de Archivos* que

---

<sup>1</sup> Unha versión traducida ó galego pode consultarse no anexo 47 de *Verba* (Fernández Salgado 2000).

fora publicado como separata en 1927 e levaba por título *El Castellano de Galicia*, foi deixado á parte para outra ocasión ó considerarse que respondía a propósitos diferentes.<sup>2</sup>

Os dous traballos ós que me estou a referir son o *Tratado sobre corrección del lenguaje castellano al alcance de los niños* de Valentín Graña y Orje publicado en Pontevedra en 1867 e o *Estudio sobre las faltas del lenguaje que se cometan en Galicia* de Emilio Álvarez Giménez, tamén publicado en Pontevedra en 1870, que coñecería dúas edicións máis: a segunda en Pontevedra en 1893 baixo o título de *Los defectos del lenguaje en Galicia y en la provincia de León*, e a terceira en Valladolid en 1909 tamén con ese mesmo título. O común a estes dous —ou se preferimos tres— títulos é que perseguen unha finalidade fundamentalmente práctica —aprender a falar castelán correctamente— e que as súas datas de publicación resultan coetáneas do nacemento da moderna actividade gramatical sobre o galego, indicio que mostra de maneira indiscutible a vitalidade do idioma vernáculo no tempo ó que se alude nesta comunicación.<sup>3</sup>

Dado que a área na que esta contribución se pretende inscribir é a da historiografía da lingüística galega cómpre finalmente facer unha última consideración preliminar respecto deste particular. Ata o de agora, a historiografía lingüística galega concentrouse nos textos en que o galego era o obxecto preferente de reflexión pero este modo de proceder deixou fóra do foco de atención a maior parte da produción gramatical galega do século XIX. A realidade é que durante todo o século o principal obxecto de estudio lingüístico en Galicia non foi o galego senón o castelán, a principal lingua do ensino e da comunicación erudita e académica. É de sobra coñecido que mesmo as gramáticas do galego deste século non se estudian en galego senón en castelán e a través da única lingua formalmente estudiada na época. O xénero gramatical do XIX sobre o galego é principalmente contrastivo, isto é, informa sobre o galego a partir da súa diferencia con respecto ó español. Os autores interésalles resaltar o contraste entre as dúas linguas. Parten de que o coñecido dos seus lectores é o español aprendido no currículo escolar e a partir de aí ofrecen o que resulta particular do galego e polo tanto menos coñecido.

O método comparativo-contrastivo é, en efecto, o predominante nos tratados gramaticais galegos do XIX, en parte polo que acabamos de dicir pero, quizais de maneira non menos importante, porque o contrastivo era o método más usual no estudio e aprendizaxe das outras linguas e porque participaba do prestixio académico do método histórico-comparativo<sup>4</sup>. A constatación de que os contidos contrastivos tamén eran os predominantes nos dous folletos nos que estaba interesado e a asunción de que o material gramatical en español podería conter información acerca do galego, inducíronme a presupôñer que un rexistro bibliográfico dese material producido no século XIX non só botaría luz sobre a maneira en que se estudiaba a gramática do castelán en

---

<sup>2</sup> Unha vez examinadas as intencións das tres publicacións faise evidente que as dúas primeiras —as do século XIX— responden a un mesmo fin mentres que a terceira, a pesar de facer referencia a un dos autores do XIX, se separa radicalmente dos propósitos que moven a aquellas. O artigo de Cotarelo, publicado en Madrid, está movido por intereses académicos. É, sen máis, un artigo de erudición tal e como revela o subtítulo que o acompaña entre parénteses.

<sup>3</sup> De 1961 é a primeira gramática, a de Mirás; de 1868, son a de Saco Arce e a de Cuveiro; de 1882, a de Valladares, que permanecería inédita ata 1970.

<sup>4</sup> A primeira gramática do galego publicada por Mirás denominase, de feito, *Gramática Gallego-Castellana*.

Galicia senón tamén sobre o que os gramáticos e ensinantes de gramática da época vián de peculiarmente galego na práctica do español en Galicia. O que esta sobre pesquiza deu de si aparece tratado nas seccións que seguen.

## 2. O contexto: o fracaso da castelanización da escola

En Galicia o desprestixio da lingua propia ou, o que é o mesmo, o prestixio e valoración do castelán, comezan, como se sabe, cara ó final da Idade Media á par da desintegración socioeconómica do país. Ó longo de todo o antigo réxime esta situación encontra como corolario o feito de que a nobreza e os escritores adoptan o castelán como lingua escrita e moitos deles mesmo abandonan a lingua vernácula como medio de comunicación cotiá. Este é o panorama co que se abre en Galicia o século XIX, un século no que a pesar de certo inmobilismo social se abrirán importantes expectativas de transformación política.

A única referencia contemporánea que encontrei sobre o tema inicial que pretendía desenvolver aparece nunhas breves notas de prensa publicadas por Francisco Carballo en 1995 en *A Nosa Terra* que levan por título “Falen polidamente o idioma cervantino”. No seu artigo, Carballo destaca que traballos como os de Graña y Orje e Álvarez Giménez serían de “grande interese para coñecer a evolución da castelanización” e apunta a que a difusión social do español en Galicia “é unha investigación aínda por realizar que daría luz sobre o proceso de asimilación do galego”. A pesar de que, como el suxire, eu tamén esperaba encontrar algunas obras más de temática parecida nos fondos das bibliotecas galegas, a revisión dos títulos que aparecen rexistrados no *Catálogo Colectivo do Patrimonio Público de Galicia* publicado o ano pasado só revelou tres documentos impresos relacionados coa corrección de galeguismos do castelán de Galicia no século XIX: os dous xa mencionados e un terceiro de Antonio García Vázquez de Queipo baixo a denominación de *Enmienda de algunos vicios de la locución que propenden de los naturales de Galicia*, publicado en Santiago en 1884.

En todo caso, o senlleiro testemuño destes tres folletos resulta sintomático de que o castelán comezaba a afincarse en Galicia e de que a ideoloxía centralista do estado liberal en torno á excelencia do español empezaba a callar entre os membros das clases privilexiadas do novo estado burgués. Neste sentido Graña y Orje, Álvarez Giménez e Vázquez de Queipo son, tanto polas súas obras como polas súas biografías, verdadeiros abandeados das novas ideas lingüísticas que se promoven a través das institucións do novo estado burgués e se van filtrando de riba a baixo.

Álvarez Giménez, o autor de *Las faltas del lenguaje*, era fillo de maxistrado, nacera en Puebla de Sanabria (Zamora), chegaría a Pontevedra en 1857, e permanecería nela ata a súa morte en 1911. En Pontevedra ensinaría latín e castelán no Instituto de Segunda Ensinanza, mantería unha vida pública moi activa como director e colaborador de varios xornais e publicacións periódicas e deixaría unha larga descendencia de gran relevancia no mundo literario e intelectual da Galicia do século XX. Unha persoa que vivira viaxando co pai por toda a xeografía española, que experimentara o rexionalismo

catalán e que gañaría a cátedra de Clásicos Latinos e Casteláns era sen dúbida un home especialmente sensible a variación lingüística e particularmente apto para discernir o verdadeiramente castelán, e polo tanto castizo, das expresións que eran propias do galego ou debidas a súa influencia.

De Graña y Orje, que probablemente inspirou ó profesor recén chegado a Pontevedra co libriño que dera ó prelo cinco anos antes, a penas se sabe algo máis que a publicación do primeiro dos opúsculos lingüísticos, onde demostra o seu coñecemento gramatical do español, e un folleto posterior que contiña na portada o significativo título de *Cartilla métrica y monetaria o Método popular para aprender el sistema métrico-decimal y el actual sistema monetario, con tablas para la reducción de pesas y medidas*. Polo que podería inferirse deste segundo impreso tirado na mesma imprenta que os Cantares de Rosalía, Graña inclinariase do lado do progreso en tanto que defensor da modernización dos costumes, o que evidentemente cadraría coas súas ansias reformadoras tanto no tocante á utopía dos estandares lingüísticos ós que pretende aspirar como no abrazo decidido ó que el chama “lingua nacional”.

Finalmente, de Vázquez de Queipo, xurista e escritor asentado en Santiago a partir de 1975 ata a súa morte en 1912, debe ser lembrada a súa carreira de dereito na Universidade de Santiago e o doutoramento —pouco habitual na época— en Madrid, o seu activismo como membro destacado da Juventud Católica, e segundo noticias que recolle a *Gran Enciclopedia Gallega*, o seu poliglotismo e aptitudes para a traducción ó español e mesmo ó galego. Son, en definitiva, espíritos cultivados no estudio, que anceian para os seus compatriotas o que eles conseguiran por se formaren fóra ou por naceren e viviren no medio cultural adecuado.

A maioría dos galegos, sen embargo, vivían nun universo que pouco tiña que ver coa experiencia dos tres eruditos que escriben manuais de “urbanidade lingüística”. A poboación que se concentraba nas sete maiores cidades non chegaba a representar en 1900 o 7% (Beiras Torrado 1964: 21)<sup>5</sup>. A gran maioría, polo contrario, vivía en pequenos núcleos dispersos caracterizados polo predominio económico do sector primario e por un alto grao de ruralización<sup>6</sup>. Ó longo de todo o século XIX Galicia sobrevive illada do resto de España por comunicacóns totalmente deficientes, dominada por hábitos rurais e arcaicos consecuencia dese isolamento, inmersa nunha cultura encerrada en si mesma que a penas escoita outra cousa que non sexan os ecos das directrices da capital do estado, e desangrada polo elevadísimo saldo migratorio ó que a condena a súa demografía expansiva<sup>7</sup>. O analfabetismo, endémico na España decimonónica, supera, segundo Costa (1989: 37), a media do conxunto do estado, que se sitúa en máis de 11 millóns en 1860, e sobrepasa o 55% ó final do século. Pola súa parte, a escola pública, instituída para poñer remedio a ese mal pero privada de medios e recursos, a penas mellorará co correr do século. Como consecuencia,

<sup>5</sup> No 1900 A Coruña contaba con 43.971 habitantes, Lugo 26.959, Pontevedra 22.330 e Ourense 15.194 (Costa 1989:26).

<sup>6</sup> Segundo o *Nomenclator general de España de 1888* (Madrid: Imprenta de la Dirección General del Instituto Geográfico y Estadístico), o número de entidades poboacionais de Galicia era de 33.757. O total de España era de 106.951 núcleos p. 35. A porcentaxe de edificios con tres ou máis pisos é en Galicia de 1,92. A de España de 15,04 (p. 11).

<sup>7</sup> A densidade de poboación de Galicia en 1860 era o dobre da media española (Galicia, 61,13; España, 31,02). En 1900 a de Galicia pasa ós 67,29 hab./m2. A media de España, ós 36,86. (De Gabriel 1990: 33).

e a pesar da proscrición do galego do medio escolar, a lingua vernácula seguirá presente na sociedade sen case resentirse polos cambios institucionais e culturais do novo estado. O seu vigor, contaminando coa súa fonética e coa súa gramática o castelán, é de feito a razón pola que aparecen os manuais e tratados de corrección lingüística destinados de maneira principal ós nenos.

Segundo De Gabriel (1990), que investigou pormenorizadamente a escolarización en Galicia no último cuartel do século XIX, a extensión do sistema educativo, que cobraría unha certa forza a partir da segunda metade do século coa Ley Moyano, sería a pesar de todo moi limitada. Aínda que non é este o lugar para desenvolver as vicisitudes relacionadas coa precariedade do ensino durante o período que nos atingue, alomenos unhas breves notas son necesarias para entender a ansiedade e os propósitos lingüísticos dos textos que nos interesan. Nas súas respectivas historias da lingua, Mariño (1999: 357-365) e Monteagudo (1999: 304-313) estudaron en sennillas seccións a instauración do sistema educativo nacional, as reformas que sufriron a través do século, e a súa incidencia no ámbito lingüístico. Da combinación dos seus relatos cos de Costa (1989) e De Gabriel (1990) podemos extraer dos seus relatos unhas cantas pinceladas que nos sitúen na concxuntura histórica dos tres folletos de bos costumes lingüísticos. Pode-rían ser estas tres:

(1) O abandono en que persistiu a instrucción pública ó longo do Antigo Réxime e na primeira metade do século explica que os efectos da escolarización en español, obrigatoria nesta lingua desde a Real Cédula do 23.6.1768, fosen moi pouco importantes dende o punto de vista cuantitativo. No século XIX, a maior preocupación polos problemas da institución escolar correspón dese cos períodos liberais. As bases do sistema encóntranse nas leis e disposicións que se van aprobando desde a Constitución de Cádiz. En materia de ensino, a burguesía española só consegue impoñer precariamente a súa hexemonía sobre as clases privilexiadas do antigo réxime baixo o reinado de Isabel II.

(2) A escolarización en Galicia a mediados de século é absolutamente precaria. O Diccionario de Madoz de 1845 sinala que en toda Galicia hai só 16 escollas superiores, 238 elementais completas e 936 elementais incompletas. Nos termos de Antón Costa (1989:85) isto significaba que só o 3,34% da poboación galega do momento (1.442.064 habitantes) estaba escolarizada. Haberá que esperar á Ley de Instrucción Pública do 7-9-1857, a chamada Ley Moyano, para poder falar de lexislación con intencións realmente ambiciosas respecto á escolarización universal. A baixa asistencia á escola será endémica ata a II República debido sobre todo á práctica xeneralizada entre as clases populares do traballo infantil.

(3) O obxectivo específico da instrucción pública será, conforme se indica en tódalas disposicións legais emitidas, a uniformidade en todo o estado de tódolos estudos. Isto levaba emparellado de maneira explícita a regulamentación lingüística no mesmo sentido homoxeneizador, é dicir, prevéndose a xeneralización do castelán como lingua vehicular do ensino. Tanto o Informe Quintana de 1813 como o Reglamento General de Instrucción Pública de 1821, o Plan

General de 1836, a Real Orde de 1856 ou a Lei Moyano de 1857 propoñen e dispoñen que a lingua vehicular que se use no ensino de tódolos niveis sexa a “lingua nacional”, é dicir o castelán. No plano estritamente lingüístico, a Ley Moyano de Instrucción Pública, a máis transcendental das leis promovidas sobre o ensino no XIX, non facía máis que reiterar a obrigación de ensinar español segundo a gramática da Academia e de usar a súa ortografía como texto único do ensino público.

En todo caso, tódalas evidencias revelan na práctica un fracaso estrepitoso do estado nas liñas mestras da súa política educativa. Na Galicia decimonónica, en particular, o número de nenos e rapaces matriculados tanto en escolas públicas como privadas foi ó longo de todo o século, reducidísimo. Un traballo recente de De Gabriel et al. (1997) sobre alfabetización indicaba que mentres que en 1860 a alfabetización en Galicia non chegaba nin sequera ó 18% da poboación total, en 1900 superaba en moi pouco o 25% (exactamente, o 25,68%). A ineficacia do sistema público revélase aínda maior en Galicia que no resto de España. Os índices que se rexistran en tódalas calas investigadas (1860, 1877, 1887, 1900) resultan sempre inferiores á media española (19,97% en 1860 e 33,44% en 1900). En 1885, segundo nos indica De Gabriel (1990), os rapaces galegos de entre catro e trece anos escolarizados supoñía só o 38, 42% do total da poboación escolarizable. Estes datos aínda se agravan considerablemente máis se se ten en conta a poboación feminina: ás mulleres simplemente non se lles aprendía a ler e escribir. En 1860 só o 3,86% das mulleres sabían ler e escribir. En 1900 o índice só subira ó 13,65%. No cambio de século case o 77% seguían sendo analfabetas (Gabriel et al 1997).

A significación dos tres folletos cómpre interroga á vista das novas necesidades do sistema escolar pois é así como presumiblemente o debían de entender tanto os seus autores como os coetáneos adoutrinados na ideoloxía dominante do novo estado, é dicir, na adopción da homoxeneización e da unificación lingüísticas como medios eficaces de avance económico, social e cultural. Se un adopta o seu punto de vista, a situación lingüística do país, probablemente sentida como causante ou coadxuvante de males maiores noutras esferas da vida, debía sen dúbida de verse como igualmente calamitosa. A maioría galegofalante do país —na que se incluirían o conxunto das clases populares— encontraríase, expresado nos termos metafóricos de De Gabriel (1990), encerrada por un dobre ferrollo: o do galego que a ataba a unha clase desposuída e a marxinaba do poder que se expresaba en español, e o do castelán vulgar que o achegaba ó poder pero que o deixaba igualmente relegado a unha condición subalterna.

A feble penetración do castelán entre as clases populares evidenciada na escasa competencia lingüística dos falantes do galego nese idioma pódese entrever neste texto da primeira metade do século no que se intenta representar (ou parodiar) ese escaso recurso. O texto está tirado da *Tertulia de Picaños (Diálogo en la Alameda de Santiago entre Cristobo, Farruco, Bartolo e Freitoso)* publicado en Santiago na Imprenta de Manuel Antonio Rey en 1836. A cursiva e a negra cursiva son nosas. Marcan, respectivamente, o intento de fazer un breve discurso en castelán e os galeguismos que

salpican a elocución:<sup>8</sup>

*La Tertulia de Picaños*

Patria del célebre y honrado Vilas, capataz de carreteros; Conductor de efectos estancados de la Hacienda pública; Mayordomo que ha sido del Santísimo Sacramento; de la Patrona de la Parroquia; de S. Blas; de S. Antonio y Animas; porta-estandarte en muchas y diversas procesiones sacro-profanas; individuo de varias Cofradías, con voto decisivo en ellas, etc. etc. etc.

Andruco.           Esa he-vos senrreira, que xâ ven datrás: nunca os da Cruña puderon ver os de Santiago; fai como os de Vigo que tamen lle teñen tirria os de Pontevedra. Uns é outros, quero decir, os da Cruña é os de Vigo, fan como os cregos é frades, que todo ó queren para si, é os mais que coman broa escarolada: é lojo chámanse liberales: ¡eche bo liberalismo!

Vilas.           Non señor: á culpa está nos da Vila, que son uns papa-moscas, é non se lembran mais que de andar muy estricados po-la Lameda, é botar borra nos Cafés. O que debia facer ó Ayuntamiento da-qui, era nomear dous dentre eles; virvi-jrasia, ó Alcalde 1º, que he un-ha pementa é muy constitusional, é un tal Ballesteros, que he mozo que sabe é padeseu moito po-la libertad (sin que hasta ahora lle dese nada ó Goberno); é que fosen á Madrí a botarse á os pes da nosa Reyna, é desirlle SENORA: *aquí están a los Reales pies de vuestra Real Magestade dos apoderados de la ciudá de Santiago, de Picaños y demás aldeas de rededor; y asi Real Señora, desimos á vuestra Real Magestade de que aquela grande Vila, muy nobre y muy leal, quedou hecha un corral de puercos y bacas; ou una Aldea grande. Le sacaron el voto a los canonijos* (ben feito): **botaron** fuera los frayles (malas nobas é que non tornen): *las monjas tambien se botan* (para nada sirven); *y asi sepa vuestra Real Magestá que la Cruña lo tiene todo, y nos nada. La Cruña tiene la Audencia, el Güefe político, la Capitanía gueneral, la Intendensia, la Diputasion provincial y moitas mas cosas; y nosotros los de Santiago, nada. Y asi suplicamos á vuestra Real Magestade, que la Audencia volva para Santiago, donde estuvo y debe estar; y donde la prantaron en 3 de Agosto de 1480 vuestros Abós los Señores Reyes D. Fernando y Doña Isabel; pois que Santiago está no medio de la Provincia, y la Cruña en un estremo ou rincón; y asi Real Señora, sepa su Real Magestá que se les ocasionan muchos gastos á los que tienen preytos y riortas en ir y tornar a la Cruña, donde roban bien en las posadas por que es gente sin temor de Dios. Y asi Real Señora, no caso que los cruñeses quieran alli la Audencia, que partamos para que todos vivamos: que venga para aquí la Capitanía gueneral y la Intendencia, y nosotros le daremos en troque todas las mongas, que no es poco. Si vuestra real magestá no lo hace asi lleva el diabro los grandes y hermosos edificios de Santiago; y sus habitantes tendere-*

<sup>8</sup> A *Tertulia* tivo dúas entregas más en 1836: o *Diálogo 2º en la Alameda de Santiago* (Imprenta de D. J.F. Campaña y Aguayo) e o *Diálogo 3º en la Alameda de Santiago* (Imprenta de J. Nuñez Castaño).

No primeiro diálogo desenvólvese esta conversa indicativa da ideoloxía expresada a través do texto.

Alb.           Eu teño oido ó Señor Abade, que en Inglaterra, Fransia e outras partes non hay probas; e que pola santa Costitucion tampouco os haberá moi lojo en España.

And.           Non haberá tal, por que o Rey, ou a Nasion fará Ispisios ou frabecas donde se traballe de todos ofisios, e nelas meteranse todos os probas a traballar; e sabede que anque sean segos, coxós e mancos todos ganarán à vida, por que háibos moitas màquenas en que uns solo traballan cos pes, sin necesitar das mans, e outros co as mans sin nesistar dos pes: e belaqué todos empreados, hastra os picaros pequenos en faser canelas para os teares.

*mos que degarlo é irnos con la Música á otra parte por no morir de hambre.*  
—Botáde un vaso: ¿qué vos parece?

Se un funcionario de Facenda de baixo rango conseguía expresarse en castelán da guisa que acabamos de ver, podemos imaxinarnos o que podería acontecer nunha escola pública con nenos galegofalantes sen outro acceso ó castelán máis ca esporádicos contactos con estranxeiros ou con individuos das raquícticas clases galegas acomodadas que comezaban neste século a usar o castelán como lingua coloquial. Aquí, con todo, deberíamos sinalar, que tal e como relatan os historiadores da educación en Galicia, a ideoloxía centralista de que só se debía estudiar o castelán e en castelán (i.e. a explicitada nos numerosos textos da lexislación e regulamentación escolar xa mencionados e asumida más ou menos voluntariamente polos funcionarios e adaíles do novo réxime) debeu de bater coa verdadeira realidade dun país que a mediados do XIX seguía sendo case totalmente monolingüe en galego debido á súa secular marxinación. De Gabriel (1990: 364) escribe:

El uso exclusivo del castellano en las escuelas [...] tropezaba con importantes obstáculos. Para empezar, la mayor parte de los maestros tenían el gallego como lengua de instalación, y algunos no poseían más que un conocimiento rudimentario del castellano, circunstancia que se refleja en diversos textos ya reproducidos, donde aparecen expresiones como “leutura”, “doutrina”, “autual”, etc. Este insuficiente dominio del castellano resultaba más acentuado entre los maestros incompletos. cuya formación pedagógica y cultural era sumamente precaria. Por lo que se refiere a los maestros que habían cursado estudios profesionales se esperaba que estuviesen en condiciones de enseñar a sus discípulos la lengua castellana y de servirse de la misma en sus explicaciones. [...].

Las dificultades que encontraban los maestros [...] se acrecentaban en el caso de los niños. Estos [...] tenían como lengua habitual el castellano, desconociendo en gran medida el castellano. Cabe suponer, por consiguiente, que también dentro del recinto escolar utilizasen a menudo el idioma gallego. Suposición que corroboran distintos testimonios, y entre ellos el de Rodrigo Sanz, quien al interrogar a un alumno de la escuela de Silobre (Fene) obtuvo la contestación correspondiente en gallego. Ciento es que no todos los niños adoptan este comportamiento, pues algunos respondían en castellano [...] mientras que otros optaban simplemente por enmudecer, conducta que el propio Rodrigo Sanz declaraba no comprender, y que según Manuel Bartolomé Cossío era bastante usual entre los escolares, “especialmente en Galicia”.

Nas escolas públicas, visitadas esporadicamente por inspectores que obviamente falaban castelán e producían verdadeiro pánico nos estudiantes que asistían a elles, é probable que ocurrisen escenas de enmudecemento coma a que aquí se nos narra pero nas escolas particulares coñecidas como escolas de ferrado, por seren pagadas polos pais dos nenos, a situación era bastante diferente<sup>9</sup>. O sorprendente é que nestas escolas que viñan do

<sup>9</sup> Véxase o recente estudio de Narciso de Gabriel publicado como *Escolantes e escolas de ferrado* nº 2001 (Vigo: Xerais).

antigo réxime e nas que os escolantes adoitaban ser xente sen gran preparación profesional que desempeñaban o oficio de aprender a ler, escribir e contar sobre todo nos meses de inverno, rexían normas más relaxadas con respecto ó idioma. Se nos fiamos dos testemuños dos mesmos inspectores e das noticias de prensa en que se critica este estado de cousas, habería moitos pais que non mostrarían un grande interese por que os seus fillos aprendesen español e preferirían mandalos a estoutros establecementos antes que ós públicos para aforrarlles o mal trago de obrigalos a aprender unha lingua que lles ía servir de pouco nas súas vidas sentenciadas a non ir máis alá da escola primaria. Nunha nota de *El magisterio gallego* publicado o 25-9-1888 escríbese a este respecto:

A pesar de todo hay padres que encomian a estos profesores porque no obligan a sus hijos a que hablen el lenguaje nacional ni a que usen en la lectura y escritura los signos de ortografía, argumentando que *ellos no conocieron semejantes cosas y vivieron en el mundo y que eso es bueno para los que siguen carreras*, por lo que no queda duda que en estas aldeas [está a falar de Muimenta] hace muchísimo daño la libertad de enseñanza y no menos el que no se haga obligatoria. (cursiva no orixinal)

Admitida a precariedade da rede escolar da Galicia do XIX cabería preguntarse, como suxería facer Francisco Carballo respecto do uso dos folletos, se o ensino escolar contribuíu de maneira decisiva á castelanización de Galicia. A resposta rotunda, a diferencia do que ocorrería na segunda metade do século XX, é que non. Á vista da situación lingüística que aínda hoxe podemos observar no medio rural (e tendo en conta que no século XIX ó 90% dos galegos vivía en ambientes rurais), é evidente que a introducción do castelán a través da escola resultou nun fracaso estrepitoso. ¿Cales foron as causas que darían conta da escasa incidencia da institución escolar no avance desa lingua? Son varias pero algunhas delas xa foron apuntadas<sup>10</sup>.

A primeira é que a escolarización afectou, como xa dixemos, só a una pequena minoría do conxunto da poboación en idade escolar e mesmo entre os nenos que se matriculaban nas escolas a asistencia tendía a ser irregular e duraba poucos anos. En segundo lugar, a lingua vehicular usada xeralmente nas escolas privadas e de maneira frecuente nas chamadas “incompletas” debía de ser o galego. O feito de que a comunicación discorrese en galego aparece criticado ás veces nas publicacións periódicas e corrobórase na reivindicación do galeguismo de principios do XX que esixe que tal práctica non sexa perseguida. En terceiro lugar, na maior parte das escolas aprendíase lectura e doutrina, escritura, e normalmente un pouco de aritmética e ortografía. A gramática, polo que parece, non gozaba da aprobación nin dos pais dos estudiantes nin era a materia que máis agradaba ós escolantes nos establecementos privados (véxase De Gabriel 2001: 167-168).

Finalmente, as deficiencias cualitativas e profesionais do sistema escolar en Galicia apuntan a que a formación lingüística dos alumnos cando

<sup>10</sup> Só neste sentido se poden interpretar as palabras de Castelao incluídas no *Sempre en Galiza* cando sentencia: “Prohibíchedes o galego nas escolas para producir no espírito dos nosos rapaces un complexo de inferioridade, facéndolles crer que falar galego era falar mal e falar castelán era falar ben [...] ¿E de qué vos valeu? Porque dispóns de máis de catro séculos de política asimilista, exercida con toda riqueza de astucias e violencias, o noso idioma está vivo. Sodes, pois, uns imperialistas fracasados.”

deixaban a escola non era probablemente moi superior á escasa formación que adquirían no resto das materias do currículo. O elevado fracaso escolar pode inferirse dos resultados das evaluacións e estatísticas oficiais do ensino primario. En 1870, por poñermos un exemplo extraído das táboas que presenta De Gabriel 1990: 415-417), a avultada porcentaxe de malos resultados nas escolas particulares, un 44,94% das situadas en Galicia, é notablemente máis alta cá media no conxunto de España, un 23,31%. E outro tanto se pode dicir dos escasos bons resultados das públicas galegas en 1880 onde só o 28,54% das escolas de Galicia entra dentro desa categoría fronte ó 40,45 de bons resultados que se rexistran no conxunto de España. Sen ningunha dúbida, o ensino nunca chegou a funcionar ben na Galicia do XIX e, correspondentemente, o castelán tampouco atoparía o medio adecuado para afianzarse. En calquera caso, con independencia do pouco ou moito castelán que os nenos aprendesen no tempo que asistisen ás clases, todo eles aprendían a interiorizar unha mensaxe que dificilmente esquecerían: o castelán era a lingua nacional e a única verdadeiramente importante.

### **3. Os tres textos sobre boas maneiras: o que se debe corrixir**

A educación na construción dos estados modernos foi xeralmente percibida como o piar central da identidade nacional e do seu mantemento. Tanto no antigo réxime como nos réximes de sistema liberal aparecidos co novo século, os estereotipos do que se entende por boa educación sempre se asociaron ó dominio da lingua correcta. O maior beneficio que o estado podía aportar ós seus cidadáns a través do ensino escolar era a adquisición da mellor lingua, o que equivalía, segundo o novo discurso, a poñer ó dispón de todos a lingua identificada co poder da nación. A consideración do ensino da gramática castelá como materia central de tódolos planos de estudio do primeiro ensino obedece, por tanto, ó obxectivo igualitario e uniformizador do estado burgués que pretende estender os privilexios exclusivos dos dous estamentos más favorecidos do Antigo Réxime ó conxunto dos cidadáns.

Un deses privilexios era, evidentemente, o do dereito á educación e a instrucción detentado tradicionalmente pola nobreza e polo clero. A pesar de que os verdadeiros logros non consigan facerse efectivos ata o século seguinte, o novo réxime empeñarase dende os seus inicios na alfabetización das masas e na xeneralización do ensino primario, adoptando como base ideolóxica a da lingua estándar, isto é, a existencia dunha lingua oficial, correcta e verdadeiramente nacional no sentido de ser propiedade de tódolos cidadáns. O tema da excelencia filolóxica (e da corrección lingüística) non era certamente novo. Fora cultivado no século anterior en que se fragua o mito da Academia como institución que vela polo esplendor do idioma nacional —que se identifica finalmente co castelán—, e viña herdado dunha longa tradición académica e escolar que tiña o latín como a lingua privilexiada dos estudios superiores —algo que en España seguiu vixente ata un decreto de 1868 en que se deixa de esixir no ingreso das facultades de Ciencias, Farmacia e Medicina.

En consonancia coa ideoloxía descrita, que os mestres e ensinantes de

gramática máis comprometidos co traballo que se lles encomendaba tentásen corrixir os barbarismos que atopaban no castelán dos seus alumnos non debería resultarlle chocante a ninguén que estea familiarizado co ensino de linguas nin a quen se vexa obrigado a convivir entre dúas linguas. Curiosamente, o libretiño de Graña y Orje, a pesar de ser o primeiro documento impreso que trata o tema, non é sen embargo o primeiro caso de corrección lingüística de galeguismos de que existe constancia en Galicia. Tal e como demostrou López Taboada (1991), que editou un texto anterior á excausación de 1835 que contina unha lista coas correccións ó castelán dos erros en que comunmente incorrían os novicios do mosteiro de Sobrado dos Monxes, é probable que tanto nos seminarios como noutras institucións educativas houbese que dedicar tempo e comentarios a aclarar os problemas derivados da influencia da lingua autóctona sobre a lingua que se tentaba estudiar.

Se tales documentos poden ser interpretados como testemuño das operacións dun sistema que só traballaba no sentido do que se coñece —vistos os seus efectos— como asimilación lingüística é probablemente unha cuestión de valoración que quizais non pague a pena discutir largamente. En todo caso, resulta evidente que, dende o punto de vista da comunidade de falantes do galego, as institucións que ata agora se mencionaron apenas fixeron nada bo pola lingua autóctona e si moito, en obras e feitos, a favor da extensión do castelán. Dos casos de represión do galego por medio de castigos físicos ou doutro tipo existen probas e testemuñas vivas (véxase por exemplo recentemente o epílogo de Alonso Montero (2003) ó libro de Crystal *A morte das linguas*) pero eu quixera deixar constancia aquí do testemuño persoal do pai dunha alumna miña que nos confesou que a el mesmo o castigaran cunha regra na man por falar en galego na escola. O galego, como variedade que era con pouco prestixio, non era dende logo altamente valorado entre as clases elevadas e instruídas, e esa falta de aprezo e sensibilidade tradúciasi facilmente, entre o resto das clases, na más despótica xenreira.

A aversión por canto recordase ou soase a galego incluía o acento. A pronunciación cun acento neutral xeograficamente, é dicir, que non delatase o lugar de nacemento do falante, formaba parte da ideoloxía da diseminación e uniformización da “lingua nacional” en todo o territorio da nación e así se manifesta nos executores e practicantes de tales ideas. O fenómeno recoñecido baixo outras etiquetas como “normalización” ou “estandarización” é autenticamente moderno nos seus desenvolvimentos específicos (difusión a través dos medios de masas, en particular, a través da prensa periódica, utilización da escola e das demais institucións de ensino na súa socialización, etc.) pero as súas raíces e os exemplos de preferencias lingüísticas e estilísticas por determinados usos, funcións ou rexistros poden rastrexarse ó longo de toda a cultura occidental e en tódolos tempos. En termos sociolóxicos, a lingua, tal e como se recoñece na sociolingüística, sempre foi contada entre os índices de ‘refinamento’ social e o uso dunhas ou doutras formas sinala a quen as usa. Barreiro Fernández (1991: 286) rexistra, neste sentido, a condena do acento galego cando exhuma un texto sobre retórica sagrada de Martínez de Pazos de 1886 no que se refire que todo

bo orador debe conseguir superar o acento galego “por repugnante e fastidioso”. Para Martínez de Pazos “o sataque ou ton dialectal é de mal gusto”.<sup>11</sup>

Ora ben, a ideoloxía nacionalizadora do estándar, de que é posible aprender e usar unha lingua correcta universalmente válida para tódolos usos dentro dunha comunidade, existe máis como crenza e como preconcepto político-lingüístico que como ‘comportamento real’ pois, como tódolos lingüistas saben polo seu quefacer diario, a variabilidade e as diferencias entre falantes dentro de calquera lingua é tan perceptible e tan real coma a uniformidade ou a inviolabilidade do estándar. As linguas, coma os dialectos ou os acentos, existen nun contínuum que recibe a influencia non só da xeografía senón da variación de idade, xénero, clase social, contexto ou estilo. É á luz das ideas igualitarias, reformistas e progresistas relacionadas coa implantación do novo estado que cómpre ler os folletos de corrección lingüística do castelán que aparecen na Galicia do XIX. Certamente os opúsculos conteñen a anatematización de características propias do galego cando se utilizaran no castelán (e isto é susceptible de interpretarse como represión) pero unha lectura menos focalizada nos efectos sobre o galego deixaría entrever que se trata máis de aprender correctamente a “lingua nacional” (é dicir, o español) a partir do que era a lingua ambiental e real de partida, que de aniquilar o galego, aínda que o resultado acabase sendo en último termo idéntico polas razóns xa expostas (a aprendizaxe de que existe unha lingua correcta e expansiva e de que hai outra en declive que non paga a pena corrixir).

Os tres textos comparten as perspectivas contrastiva e prescritiva no seu tratamento lingüístico. Isto permite observar dende o presente aloménos dous aspectos estreitamente relacionadas: o da identidade diferencial e problemática do galego en contacto co castelán e o dos condicionamentos ambientais e educativos en que os nenos galegos (e os adultos) aprendían o castelán. Ambos aspectos aparecen entrelazados nas notas preliminares con que Graña abre a súa “humilde obrita”. O galego recoñéceselle o carácter de “dialecto ou idioma” ó afirmarse que “os dialectos de España son idiomas particulares... saídos das ruínas da lingua latina, como o castelán”, pero eses “idiomas particulares” están decaendo, “especialmente o galego, por non se teren cultivado dabondo e ser pouco coñecida a súa verdadeira pureza”<sup>12</sup>. Por tanto, “o progreso na boa linguaxe, signo de cultura e compañeiro inseparable da ilustración”, obxectivo de cantos tratados e manuais se teñen destinado á mellora das linguas, malamente podería acadarse a través do idioma autóctono. O descoñecemento da verdadeira pureza do galego a que alude misteriosamente Graña pode ser comentado apelando á primeira sección do estudio de Álvarez Giménez sobre “a propiedade e pureza da linguaxe” na que o catedrático pontevedrés expón o que el entende por “pureza”:

<sup>11</sup> Esta situación continuaría ata a década dos setenta do pasado século nos seminarios, institucións nas que estaba prohibido falar en galego e nas que se tentaba persuadir ós seminaristas para que abandonasen o acento galego.

<sup>12</sup> Na nota 1 Graña y Orje comenta respecto da consideración do galego. “Decimos dialecto ó idioma, para que no se crea que el lenguaje gallego es una derivación o variedad del castellano. Los dialectos en España son idiomas particulares, extraoficiales de alguna de sus provincias, salidos como el castellano, de las ruinas de la lengua latina, excepto el vascuence que no tiene el mismo origen por ser procedente de la primitiva lengua euscarra. Todos estos dialectos están decayendo, y especialmente el gallego por no haberse cultivado bastante y ser ya poco conocida su verdadera pureza”.

La pureza del lenguaje [dinos Álvarez Giménez] es la conformidad con el uso de los buenos escritores y de las personas que tienen un completo conocimiento del idioma<sup>13</sup>.

O enunciado condensa os dous criterios básicos de corrección<sup>14</sup> —a literatura e a gramática— sobre os que se asenta a filosofía lingüística dos autores dos folletos que estamos examinando<sup>15</sup>. O galego en 1867 coñecíasselle moi pouca literatura, dispuña de poucos cultivadores literarios (*os Cantares*, a obra inaugural publicarase en 1863) e a Gramática de Saco (1868) aínda estaba por chegar. ¿Era posible ver a pureza da lingua galega nese estado? O castelán, pola contra, gozara dun cultivo literario continuado, e a Gramática e a Ortografía da Academia, actualizadas en sucesivas edicións, servían de texto paradigmático para o ensino público. Curiosamente a Ley Moyano de 1857, probablemente a más transcendental das lexislacións que reformaron a Instrucción pública no século XIX, fará fincapé na obrigatoriedade do ensino daqueles dous textos nas materias lingüísticas (Benso 1997: 96). O propio Graña, seguindo os regulamentos e disposicións emanados contemporaneamente<sup>16</sup>, non dubidará en recalcar no seu prólogo a súa afinidade e sometemento ós dictames da Academia:

Nada contiene [asegúranos] que no esté en armonía con la respetable autoridad de la Academia de la Lengua.

En efecto, a doutrina purista dos tres folletos coincide se non na letra (e aquí sería interesante ver cales puideron ser os modelos reais do folleto) si no espírito con que a Academia Española trata os barbarismos na súa Gramática (RAE 1888: 277 e ss.). Álvarez Giménez concreta a pureza e as faltas que contra ela se cometan nestes sintéticos enunciados que axudarán a entender o por qué das proscripcións e correccións que propoñen:

A pureza afecta as palabras, as oracións e cláusulas e a dicción. Es pura una palabra cuando pertenece a la lengua que hablamos [...].

Es pura una oración ó frase cuando al mismo tipempo que todas sus palabras

<sup>12</sup> Na nota 1 Graña y Orje comenta respecto da consideración do galego. “Decimos dialecto ó idioma, para que no se crea que el lenguaje gallego es una derivación o variedad del castellano. Los dialectos en España son idiomas particulares, extraoficiales de alguna de sus provincias, salidos como el castellano, de las ruinas de la lengua latina, excepto el vascuence que no tiene el mismo origen por ser procedente de la primitiva lengua euscara. Todos estos dialectos están decayendo, y especialmente el gallego por no haberse cultivado bastante y ser ya poco conocida su verdadera pureza”.

<sup>13</sup> O libriño de Graña tan fai referencia ós bos falantes que para el son os falantes cultos. De feito o tratado só considera os descoidos “que proceden generalmente de malos hábitos provinciales, de aquellos descuidos que la mayor parte de las personas instruídas nota en seguida”.

<sup>14</sup> A corrección para Graña tamén se entende en función da gramática: “consiste en que tanto en la parte material de las palabras, como en su coordinación, se guarden estrictamente los preceptos de la gramática”.

<sup>15</sup> Graña explica que o seu tratado contén “aquellas faltas de corrección en el castellano que se observan principalmente entre las personas que no han hecho bastantes estudios de aquella lengua ó no frecuentan el trato de los que hablan con esmero” (p. 7). E, a seguir, explica que o feito de que as faltas da linguaxe tamén existan en Castela e que apareza mesmo entre os escritores más distinguidos fai recomendable “estudiar a lingua por medio dunha gramática co auxilio dun bo diccionario e da lectura de obras correctas”.

<sup>16</sup> Na Real Orde de 1856 disponíñanse como libros de texto autorizados para o ensino da lingua a Gramática da Real Academia e 28 manuais gramaticais de distintos autores que a seguían nas súas liñas esenciais. O número destes textos iría aumentando ó longo do século. A Real Orde do 1º de decembro de 1847 mandaba adoptar como libro de texto o *Prontuario de ortografía de la Real Academia Española*. A Ley Moyano de 1857 citaba como textos obligatorios o *Catecismo* sinalado polo prelado da diocese e a Gramática e Ortografía da Real Academia, xa declaradas obligatorias con anterioridade (Benso 1997:90-96).

pertenecen a la lengua, se obserban rigurosamente las reglas de concordancia, régimen y construcción [...].

Son puras la cláusula y la dicción [...] cuando [...] se guarda en la construcción y enlace de las cláusulas aquel carácter distintivo del idioma, que se llama giro castizo.

Se falta a la pureza ó por barbarismo, ó por arcaísmo, ó por neologismo.

El barbarismo es uso de palabras ó locuciones extrañas á la lengua, el arcaísmo, uso de voces o frases anticuadas, y el neologismo, uso de palabras o locuciones nuevas.

Deberán, por consiguiente, proscribirse las voces tomadas de otras lenguas, las que han caído en desuso y las inventadas sin necesidad ó que no han obtenido legítima sanción.

La propiedad se refiere tan solo a las voces ó expresiones. Es propia una voz cuando expresa la idea que queremos enunciar: por consiguiente será impropia si expresa otra distinta. La falta de propiedad en las voces puede considerarse como una especie de barbarismo, porque, en rigor, una voz sólo pertenece a la lengua en cuanto se usa en su genuina acepción. (p. 10 e ss.)

Polo que se ve, os contidos que interesaban a Graña, Álvarez Giménez e Vázquez Queipo tiñan, en todo caso, tanto que ver co español (a lingua que se pretendía corrixir) como co galego (a lingua que introducía no español a estraneza do barbarismo). O que neles se encontra de más interesante non é, de feito, a réplica das prescripcións gramaticais e léxicas da Academia senón a fotografía en negativo da fonética, da morfoloxía, da sintaxe e do léxico do galego da época, e a aparición dunha nova variedade áinda inestable que tomaba tanto do substrato lingüístico do galego como do acrolecto ó que se tendía. Vexamos a modo de exemplo, algúns casos rechamantes dos barbarismos que se tratan nestas obras.

Os índices tanto de Graña como de Álvarez Giménez abranguen, como se ve nas táboas comparativas que incluímos a continuación tódalas áreas da lingua: a pronuncia, a equivocación no uso dos xéneros, faltas na formación de aumentativos e diminutivos, errores no uso dos tempos compostos dos verbos, defectos na súa irregularidade, advertencias sobre a concordancia, faltas contra a pureza das palabras e un longo etcétera. Contra o que esta extensa lista parece apuntar, Graña, sen embargo, apúrase en anunciar nas primeiras páxinas que non é Galicia un dos países onde se fale más mal o castelán. E isto é así por “el laudable desarrollo que se ha dado á su uso en las familias y en el trato social, y la benéfica influencia de las escuelas primarias”, combinado, segundo nos explica, coa “afinidad del lenguaje castellano con el gallego”. Tal afinidade, sen embargo, é para o autor tan vantaxosa como perigosa pois orixina defectos que doutro xeito non se producirían. A eses defectos dedica o seu manualiño, destinado como o de Álvarez Giménez, a servir nas escolas primarias de auxiliar na aprendizaxe da lingua

nacional<sup>17</sup>. O método, como se verá, é sinxelo: trátase de desterralos chamando a atención sobre eles e corrixíndoos (p. 6). Un e outro, recordan coas súas listaxes de voces correctas e incorrectas as emendas que o *Appendix Probi* pretendía implementar no latín vulgar:

### Valentín Graña y Orje (1867) [80 pp]

	Prólogo	5
I	Indicacións acerca de la pronunciación	8
II	Idea del lenguaje y de la corrección	12
III	Faltas en el género de los nombres	14
IV	Faltas en los aumentativos, diminutivos y superlativos	18
V	Pronombres. Advertencias	21
VI	Faltas en los verbos: tiempos compuestostos, sobre el perfecto	25
VII	Sobre el pretérito pluscuamperfecto de indicativo	28
VIII	Verbos irregulares. Faltas muy notables	30
IX	Observaciones sobre las palabras indeclinables y frases fam.	37
X	Cuidados que con las palabras exige el oído	44
XI	Advertencias sobre la concordancia	47
XII	Sobre el régimen	49
XIII	Sobre la construcción	53
XIV	Faltas contra la pureza das palabras	57
XV	Adulteraciones de las voces e indic. para el conoc. del cast.	66
XVI	Sobre algunos sinónimos cuyas acepciones se confunden	74
	Conclusión	77

### Álvarez Giménez (1870) [88 pp.]

	Prólogo	5
I	Sobre la propiedad y pureza del lenguaje en general	10
II	Palabras impuras o impropias	13
III	Defectos por alteración en lo material de las palabras	40
IV	Defectos por alteración en los accidentes gramaticales	44
V	Defectos por faltar á las reglas de sintaxis	62
VI	De otras varias locuciones viciosas	74
VII	De las palabras que tienen variantes	82

### García Vázquez de Queipo (1884) [30 pp]

	Presentación	5
1	El pretérito compuesto por el simple y viceversa	11
2	El pretérito imperfecto de subjuntivo por el pluscuamperfecto	13
3	Empleo erróneo de la frase hube de, hubiste de, etc	15
4	Error de substituir entre sí los verbos sacar y quitar	16
5	Uso errado de algunas tercera persona del v. ir con la prep. en	18
6	Convertir inmotivadamente en e la conjunción y	19
	Breve tabla en que [...] se comprendian los defectos	23

<sup>17</sup> A “humilde obría” vai dedicada ós profesores de primeira ensinanza de Galicia, “la clase más digna de protección y gratitud de la sociedad” por ser “la encargada de la difícilísima educación física, moral e intelectual del niño” (p. 3) e pretente servir de “auxiliar en nuestro país para la enseñanza de nuestra lengua nacional” (p. 3).

Vexamos agora a maneira de exemplo algúns dos comentarios que se fan do castelán de Galicia e as recomendacións que se propoñen nestes textos. Con respecto á pronuncia, Graña advirte que o carácter do idioma galego difire pouco do peculiar da lingua castelá pero a seguir enuncia unha serie de puntos nos que se debería reparar:

- 1) O *o* e *o e*. Segundo o autor pronúncianse máis pechadas nalgúns palabaras.
- 2) O *s* e *o z*. Distínguese en castelán.
- 3) O *g* suave *e o j*. Esixen coidados nalgúns “individuos de atrasada instrucción”.
- 4) A pronuncia de voces como *éxito, acto, efecto, objeto, obstáculo, abstracto*. Debe coidarse “por constar de combinaciones que apenas existen en el lenguaje especial de Galicia”.
- 5) O *d* cando termina unha dicción ou sílaba, por exemplo *bondad, usted, Madrid, salud, admirable*. Debe pronunciarse. E engade: “Unos pronuncian esa *d* final lo mismo que si fuese una *z*. No tienen razón para tal cambio”.
- 6) O acento.

Con relación a este último punto, Graña considera coma Martínez de Pazos que o acento galego é mellorable pero coida que non resultaría difícil dado que existirían modelos ós que seguir e é unicamente unha cuestión de oído. Escribe ó respecto:

Para mejorar la pronunciación y el acento del pueblo, es preciso esmero é imitar á los que hablan bien. No nos es nada difícil el progreso [...] habiendo personas a quien imitar en exacta pronunciación y, lo que requiere es buen oido, en modulación ó acento.

No aspecto morfolóxico pódese por exemplo revisar o contraste que se fai entre galego e castelán con relación ó xénero dos nomes. O uso estableceu, para Graña, “casi caprichosamente, un género determinado a los nombres de las cosas. Este género varía muchas veces del gallego al castellano, occasionando estas diferencias, que muchos no tienen en cuenta, fáciles errores. Son faltas [...] de las más notables. El oido de cualquier persona que no tenga este defecto se ofende cuando se dice *leche fresco, costumbre malo*, que es a lo que llaman los gramáticos solecismo ó falta de concordancia”.

Na sección de “Palabras cuyo género se equivoca generalmente con el del gallego” inclúense as seguintes:

<b>Se dice mal</b>	<b>Debe decirse</b>	<b>Se dice mal</b>	<b>Debe decirse</b>
El lumbre	La lumbre	La coraje	El coraje
El costumbre	La costumbre	La paisanaje	El paisanaje
El legumbre	La legunbre	La ramaje	El ramaje
La azote	El azote	La doblez	El doblez
La mimbre	El mimbre	La pliegue	El pliegue
El azumbre	La azumbre	La caracol	El caracol
El sal	La sal	El calor	El calor
El sangre	La sangre	La mediodía	El mediodía
El labor	La labor	El cal	El cal

El mugre	La mugre	El canal (en una casa)	La canal
El pringue	La pringue	El leche	La leche
El ubre	La ubre	El miel	La miel
El pez	La pez	El hiel	La hiel
La potaje	El potaje	El víspera	La víspera
La pasaje	El pasaje	El antevíspera	La antevíspera

Se nesta listaxe Graña parece guiarse por algunha gramática do castelán, nalgúns outros aspectos morfolóxicos a análise contrastiva entre as dúas linguas resulta menos puntual e más impresionista, o cal, non obstante, non deixa de restarlle interese ás súas observacións. Por exemplo, nas anotacións e nos exemplos que ofrece con relación á formación dos aumentativos, diminutivos e superlativos, coméntanse apreciacións certamente interesantes para calquera lingüista interesado nos cambios lingüísticos aparentemente inducidos dende o castelán. Graña escribe:

La analogía que existe del gallego al castellano ocasiona que no todos conozcan bien algunas diferencias que... hay entre dichos dos lenguajes:

- 1) El castellano es más flexible en la formación de aumentativos... El gallego casi no admite la terminación en *-azo* y no tiene por esta causa los aumentativos de aumentativos como *picaronazo*, *hombronazo*, *valentonazo*...
- 2) El dialecto gallego es de lo más flexible y algunas veces hasta inimitable en formar diminutivos con toda regularidad. No es tan flexible ni tan regular la lengua castellana.
- 3) En gallego no se admiten generalmente superlativos en *-isimo* formándose en su lugar con el adverbio *muy*.

Vazquez de Queipo, pola súa parte, é dos tres eruditos o que quizais se mostra máis interesado pola discusión dos fenómenos gramaticais que censura. Como mostra das correccións que promove ó longo da obra propón unha táboa final con exemplos de uso que axudarían a fixar as formas e estructuras correctas. Son estes:

#### Está mal dicho

1 César ha vencido a Marco Antonio.

Viajé por casi toda España.

2 Ya se lo dijera pero no me oyó.

3 Hube de caer al río pero me resguardó el petril.

4 Ante el busto del P. Feijó se sacará V el sombrero.

Si quita V. bien este dibujo, le premiaremos. Si saca V. bien este dibujo, le premiaremos.

5 Pedro va en Betanzos.

6 Juan é yo.

#### Debe decirse

1 César venció a Marco Antonio.

He viajado por casi toda España.

2 Ya se lo había dicho pero no me oyó.

3 Estuve a punto de caer (ó por poco caigo) al río pero me resguardó el petril.

4 Ante el busto del P. Feijó se quitará V el sombrero.

Si saca V. bien este dibujo, le premiaremos. Si saca V. bien este dibujo, le premiaremos.

5 Pedro ha ido á Betanzos, ó  
Pedro está en Betanzos.

6 Juan y yo.

No aspecto sintáctico, a maneira de exemplo, podemos traer aquí dúas mostras, unha incluída dentro das advertencias acerca dos pronomes, outra no apartado de observacións acerca de frases familiares. En relación co que hoxe coñecemos como pronome de solidariedade Graña fala de que en Galicia se traduce indebidamente ó castelán o dativo que non existe nesa lingua:

un uso del gallego [explica] que tiene cierta expresión de cariño, dicen algunos: *No te hay – le esta – no te puedo – le fue el*, de modo que la acepción intransitiva de estos verbos resulta como transitiva. En castellano es preciso suprimir esos pronombres en casos semejantes y decir. *No hay – Está – No puedo – Fue el*, etc.

De maneira semellante comenta con relación a dous usos idiomáticos da partícula “máis” que se tenden a utilizar falando en castelán:

Por costumbre adquirida del gallego hay algunas personas no instruidas que dicen *tú y mas el – y mas decías que era malo* en vez de *tu y el – Y decías que que era malo*. Jamás puede usarse el vocablo *mas* en ese caso en que parece que indica comparación de superioridad. (p. 38)

Independentemente da análise que fai tanto da función dos pronomes átonos *te* e *le* como da partícula *máis*, o caso é que, na confrontación entre as dúas linguas o tratadista metido a censor é quen de detectar as diferencias entre as dúas linguas e de prescribir nunha dirección moi concreta que non tería por qué ser necesariamente esa. Nun artigo publicado cen anos máis tarde en *Grial* (“Ensayo de bilingüística: galego e castelán frente a frente”), Alonso Montero intentando describir o “castelán de Galicia” comenta sobre o dativo de solidariedade: “A humedade afeutiva [...] contrasta coa ouxetividade, coa asepsia [...], carril polo que ha de camiñar fatalmente o falante de castelán común. Galeguismos deste xeito —te tengo veinte años— son un Enriquecemento claro do castelán, Enriquecemento ó que eiquí en Galicia, non debemos renunciar.

Para rematar esta pequena excursión polo castelán que falaban ou intentaban falar os galegos no século XIX, podemos concluír co que é probablemente o aspecto máis exótico e rechamante destes folletos desde o punto de vista actual. Graña y Orje dedica a este apartado unhas oito páginas dentro da sección que titula “Faltas contra la pureza de las palabras”. Álvarez Giménez, un pouco máis comedido, dedícalle a sección “Palabras impuras ou impropias” e trata as seguintes:

Acadar	Dar, aceptar	Loquear	Volverse loco
Alpendre	Cobertizo, tinglado	Loquería	Locura
Ameneiro	Aliso, abedul (sic)	Mazaroca	Mazorca
Aprender	Enseñar / aprender	Mirar	Ver / Mirar
Billa	Llave	Nuevo	Joven
Borras	Heces	Parvo	Tonto, inocente
Clarear	Aclarar	Pesca	Pescadora, vendedora de pescado

Cortaduría	Carnicería	Petís	Pequeño, jovén, niño
(D)estragar	Viciar, corromper	Podre	Podrido
Dulcería	Confitería	Rajo	Lomo
Fundo	Solar	Reseso	Duro
Fritir	Freir	Solla	Platija
Fritido	Frito	Tiesto	Tapadera
Haber	Hacer (*Hay un mes)	Toro	Trozo, rueda
Imitar	Parecerse, asemejarse	Vieira	Venera, concha de peregrino

Pola súa parte, Álvarez Giménez, no tratamento que fai do léxico volvió sobre o propósito do libriño e escribe “es conseguir la mayor corrección posible del lenguaje castellano” (p. 57) e insiste:

La pureza del lenguaje consiste en que las voces que empleemos para expresar nuestro pensamiento sean de uso nacional y corriente, que es cuando se llaman castizas.

A falta de pureza débese, segundo el, ó pouco estudio da fala patria e ás “expresións viciosas” que proceden de linguas estranxeiras. Con respecto ó galego, que é realmente o tema no que el se centra, exprésase nestes termos:

Hay quien dice mal: *esmagar* en vez de aplastar, *esganar* por atragantarse, *encertar* por empezar un objeto que se usa por partes. *Esgarrar* y *esgarro* por gorgajear y gargajo ó esputar y esputo, *anchear* por ensanchar, *pechar* y *pechadura* por cerrar con llave y cerradura, *parvo* por tonto, párvulo, inocente, *fayado* por desván [...] Téngase en cuenta que el que use seriamente alguna palabra agena al idioma castellano, como lo son completamente las que para exemplo subrayamos, comete un barbarismo. (p. 58)

Segue facendo comentarios sobre varios outros vocábulos —manualidad por familiaridad (?), cernidor por cedazo, peneirar por cernear, petar por llamar a la puerta ou golpear, coger por enconarse una parte del cuerpo lastimada, pelar por quemar, producir dolor una cosa caliente, etc.— para finalmente, co propósito de abreviar, acabar tabulando unha lista de voces que ocupa dúas páxinas e media. Nelás inclúe voces que oe usar con significacións que non son as xenuínas e voces que se usan en substitución das correspondentes castizas da lingua castelá. É interesante ver como o recién chegado a Pontevedra apunta os galeguismos que vai aprendendo e como, en contrapartida, ensina ós galegos as verdadeiras palabras castelás que el coñece nativamente. A primeira páxina contén estas:

<b>Se dice mal</b>	<b>Debe decirse</b>	<b>Se dice mal</b>	<b>Debe decirse</b>
Aadar	Dar, acertar	Cortijo	Pocilga, zahurda
(con una piedra, etc)		(de un cerdo)	
Aira	Era	Cota	Lomo
(en el campo)		(de un cuchillo)	
Alpendre	Tinglado, cobertizo	Cuco	Cuclillo
Arrear	Enjaezar	Dulcería	Confitería

Arroyar	Diluviar	Entena (de miel)	Panal
Arrepañota	Arrebatiña	Escora, escorar	Puntal, apuntalar
Billa (de unha pipa, etc.)	Llave	Espiga de maiz	Mazorca
Bozo (de un perro, etc.)	Bozal	Estriga (de lino)	Copo
Cacho (pedazo de vasija rota)	Casco	Flato	El flaco (lo débil de una persona)
Copo (plato)	Sopero (plato más hondo que el trinchero)	Fuelle	Costal
Cortaduría	Carnicería	[...]	[...]

#### 4. Ideoloxías lingüísticas confrontadas: españolismo vs. galeguismo

En 1969, Evaristo Correa Calderón, que tras un flirteo co galeguismo acaba escribindo manuais de lingua e literatura españolas na inmediata posguerra<sup>18</sup>, e Fernando Lázaro Carreter, o defensor por antonomasia da corrección lingüística no español e o máis popular dos fustigadores da súa dexeneración, titulaban o terceiro tema dun manual de textos de 2º curso: “El español vulgar. Los barbarismos”. No primeiro apartado “El español correcto” escribían o seguinte:

La adquisición de nuestro idioma [español] es tarea lenta y difícil. Suele creerse lo contrario: muchos piensan que se aprende a hablar insensiblemente, como se aprende a andar y respirar. Lo cierto es que, si no nos esforzamos por aprender a hablar y escribir, no saldremos de un nivel cultural muy pobre. Debemos expresarnos en un español correcto. [...] El *español correcto* que debemos aprender es el que se ajusta a la pronunciación y a los usos de Castilla.”  
[as cursivas aparecen no orixinal]

Nesta cita, que podería moi ben tirarse de calquera outro manual escolar da década dos sesenta e setenta, destílase unha ideoloxía centenaria de instrucción lingüística canalizada a través das escolas públicas e privadas de toda España. Hai, para Correa e para Lázaro, dous niveis de lingua: o do *español correcto* (que é, como se nos di na mesma lección, “o que falan e escriben as persoas cultas de España e Hispanoamérica”), e o do “español vulgar”, que dá título ó segundo apartado. O feito de que este último concepto non apareza expresamente definido é sen dúbida significativo pois refire, en efecto, unha variedade de límites moito más difusos. Refraseando o primeiro e último enunciados desa sección poderíamos tentar a empresa e facelo dunha destas dúas maneiras:

- “o que usan os españoles cando cometan incorrecciones ó falar e escribir”
- “o que contén vulgarismos”

Esta segunda definición require, pola súa tautoloxía, das explicacións

---

<sup>18</sup> En plena Guerra Civil Correa publica con Filgueira Valverde un manual de lingua española e literatura destinado ós estudiantes de 3º de Bacharelato (Filgueira e Correa 1937).

que se incorporaron de maneira explícita no texto. Segundo Correa e Lázaro os vulgarismos son incorreccións debidas a dúas causas:

- [os españois] “mezclan con el español formas que son propias de sus lenguas o dialectos regionales (es lo que hacen, por ejemplo, los valencianos, los gallegos, los andaluces, los catalanes, etc.)”
- “siguen tendencias más o menos divulgadas entre los hablantes de escasa cultura en toda España, incluída Castilla”

Na decada dos 60 do pasado século, como ocorría 100 anos antes, o español seguía contaminándose nas rexións bilingües e era preciso alertar ós novos pequenos lectores de que cumplía precavese do contacto coas linguas autóctonas. O risco para quen o quixese correr, como ben se explicaba no libro de texto, era grave: co galego ó lado, un sempre podía acabar usando os vulgarismos que o delatarían como usuario dunha lingua vulgar. Pode parecer un xogo de palabras pero realmente non o é. A situación en 100 anos cambiara realmente pouco para o galego que seguía beireando a vulgaridade. Tamén cambiara pouco en relación coa lingüística que se ensinaba: seguía sendo fundamentalmente prescritiva.

En 1867, Valentín Graña no seu *Tratado sobre corrección del lenguage castellano* non só definía aquelo que contaminaba a pureza da lingua nacional, senón que daba consellos claros sobre cómo conseguir que os nenos adoptasen o castelán e o falasen debidamente. Dicía o seguinte:

Para conseguir eficazmente todo género de adelantos en el conocimiento y uso de nuestra lengua nacional es, á todas luces, utilísimo que se habitúe á los ninos a que con ella piensen y expresen constantemente su pensamiento y eso lo alcanzaremos facilmente si los padres cuidan de que las primeras palabras que balbuceen sus hijos se le enseñen, aunque sea en mal castellano, siguiendo el ejemplo de lo que sucede en todas las familias ilustradas de Galicia.

As familias ilustradas eran obviamente as que sabían ler e escribir e as que tiñan os medios suficientes para poder enviar ós seus fillos á escola.

A outra axuda para poder aprender ben o castelán constituíano obviamente os mestres, e a eles se referirá Graña a continuación cando explica que o coñecemento e adopción da lingua nacional tamén se alcanzárá facilmente:

si los profesores de instrucción primaria estimulan á sus tiernos discípulos [...] á que siempre hablen entre sí en castellano, demostrándoles á su alcance, para que adquieran interés, la importancia que hay en ello, sin que ese celo pueda obstar á que se inspire digno respeto á nuestro dulce dialecto provincial, respeto santo que a Galicia, en todo lo que la caracteriza, deben con justicia tributar sus hijos.

Cómo se podían conxugar as dúas cousas era algo que en 1867 Don Valentín Graña, un modernizador a ultranza e adaíl do novo estado, non se preguntaba nin lle interesaba responder seriamente porque o “digno

respeto” que menciona soaba máis a un modo retórico de tranquilizar a conciencia que ó auténtico respecto que supoñería usalo e coñecelo debidamente. Quen, pola contra, si o fixera uns anos antes fora Don Manuel Murguía nun pequeno libro que conseguiu que fose bendicido pola Igrexa e aprobado polo Ministerio para uso das escolas primarias, segundo nel se fai constar. O libro, *La primera luz*, publicado na súa segunda edición en Lugo por Soto Freire en 1868 fora impreso por primeira vez en Vigo na imprenta de J. Compañel. Ábrese con esta historia:

Un niño entró en la escuela; era un pobre aldeanito y no sabía hablar castellano.

El maestro le preguntó:

—¿No traes tus libros, hijo mío?

—Señor —respondió el pobreclillo temblando— esquecéronme; y todos los demás niños se echaron á reir de él, y se mofaron de su ignorancia.

Pero el maestro que era un hombre docto, y mejor que esto todavía, un hombre justo, les impuso silencio y les dijo:

—“Hijos míos, ¿Cuál es la falta de ese inocente para que os burleis de él? No sabe castellano, y habla en el dulce lenguaje de su tierra nativa, en el lenguaje en que hablaron sus abuelos! Sabed, niños, que el dialecto gallego, cuyas armoniosas palabras excitan vuestra risa, como si fuerais extraños, es la fuente de donde salió el idioma español; es un dialecto en que pueden expresarse con más dulzura, con más suavidad, con más cariño que en ningún otro, todos los pensamientos y todas las ideas; que en él hablaron nuestros padres, y que nosotros no debemos, no digo ya olvidarlo, sino amarlo, venerarlo, como á preciosa herencia que nos han legado nuestros antepasados. Amad el lenguaje en que hablamos todavía; el pueblo que olvida y escarnece su idioma, ese pueblo dice al resto del mundo que ha perdido su dignidad!

El hombre —dice un sabio moderno— lo último que pierde es el acento natal; no os avergonceis, pues, de ser como los hombres, ni os cause risa oír hablar como hablaron vuestros abuelos. Si algo hay aquí, que deba excitar vuestra hilaridad, no es la santa ignorancia de este aldeanito, sino la imprudente carcajada del hijo de las ciudades, que no conoce que acaba de reirse de sí mismo.

No remate á súa *Enmienda de algunos vicios de locución escrita*, escrito case vintecinco anos despois do texto de Murguía, Don Antonio García Vázquez de Queipo conclúe no más puro estilo da restauración:

Cultívese enhorabuena esta dulce y expresiva habla de nuestro país, estúdiese con amor y esmero; pero sírvanos su conocimiento, no para estropear, sino para distinguir mejor los giros propios del idioma castellano, evitando afearlo con provincialismos. Tanto más cuanto el ser corta la suma de aquellos á que propendemos los hijos de esta noble tierra debe animarnos á la corrección, para que, quitados esos lunares, podamos no ceder en el recto y expedito uso del idioma nacional á otra ninguna región de España. (p. 22)

Algunha das ideas do rexionalismo en voga, que Murguía contribuíra a diseminar coa súa obra e influencia na Galicia da época, acabarán calando no discurso que se pon en circulación acerca da lingua galega. O galego,

non obstante, continuaba a ser a “fala do noso país” e o castelán, cada vez más, o idioma nacional de toda España.

## 5. Conclusións

A idea inicial consistía en demostrar que o pensamento lingüístico vehiculado a través dos textos de bo uso feitos en Galicia podía ser revelador da das ideoloxías lingüísticas que farían posible ó longo do século XIX, e principalmente no século XX, o trasvase dunha poboación masivamente monolingüe a unha poboación cada vez más desequilibradamente bilingüe. Cremos que en efecto os folletos que examinados revelan esa ideoloxía lingüística nacionalizadora e asimilista.

Neste sentido, a investigación da historia do estudio da gramática en Galicia, que aínda está por abordar debería estenderse en dous sentidos: en primeiro lugar, non se debería limitar únicamente ós textos gramaticais do galego senón ó conxunto da producción grammatical e retórica feita ou usada en Galicia;<sup>19</sup> en segundo lugar, non se debería cinguir exclusivamente a revisar os textos e examinar os seus contidos senón a poñelos en relación con outros textos anteriores ou posteriores e coas transformacións políticas e sociais do momento histórico en que se orixinan.

Este proxecto historiográfico implicaría, obviamente, estudiar os textos dende unha perspectiva académica ampla na que os historiadores da cultura poderían desempeñar un papel importante na recuperación do que a aprendizaxe e práctica da gramática significaba no contexto escolar. A maior parte dos folletos e libros gramaticais do XIX sitúanse en relación ás necesidades prácticas da escola publica posta en marcha co novo estado liberal trala subida ó trono de Isabel II. Os que aquí analizamos están certamente imbricados no proceso da escolarización en castelán.

### Bibliografía citada

AGENJO BULLÓN, Xavier (1999): “Libro, lecturas y lectores”, *La cultura española en la Restauración*. Santander: Sociedad Menéndez Pelayo, 1999. 83-101.

ALONSO MONTERO, Xesús. “Ensaio de bilingüística: galego e castelán

---

<sup>19</sup> A investigación bibliográfica preliminar que levei a cabo co obxecto de localizar algúns outra publicación relacionada coa corrección lingüística e co bo uso no século XIX non resultou tan fructuosa como esperaba pero desvelou, pola contra, un elevado número de textos e documentos lingüísticos. Este corpus de textos que darei a coñecer en breve na revista *Cadernos de Lingua* comprende dende programas de curso de distintas linguas (latín, castelán e francés, fundamentalmente), a gramáticas escolares, xeralmente de dimensións reducidas, diccionarios, e manuais de retórica e poética. Que eu saiba, ningúén ata o de agora reparou neles. Da nosa boa disposición depende facer que iluminen aspectos da vida escolar e diaria dos galegos que, doutro xeito (por exemplo, obviándoo por estaren en español ou por levaren no título o rótulo ‘castellano’), quizais nunca cheguemos a entender plenamente. O adoutrinamento ideolóxico –a aprendizaxe dos valores do código moral imperante– adquírese de maneira principal a través do ensino e do estudio das letras. O exame de cómo estas se levaron a cabo na nosa historia recente non deberá de ser de ningunha maneira tarefa irrelevante.

- frente a frente”, *Grial*, 13 (1966): 314-333.
- “Epílogo. Un libro contra a morte das linguas” in D. Crystal, *A morte das linguas*. Vigo: Galaxia, 2003. 267-271.
- ÁLVAREZ GIMÉNEZ, Emilio. *Estudio sobre las faltas del lenguaje que se cometan en Galicia*. Pontevedra: Imprenta de Don José Antúnez y Cía., 1870. [PO-M. CASAL XXXI A., PO-M S.G.P.]
- *Los defectos del lenguaje en Galicia y en la provincia de León: Estudio gramatical basado en la doctrina de la Academia y en el uso de los buenos escritores*. Pontevedra: Imprenta y Comp. de A. Landín, 1892. [PO-M.S.G.P.].
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón. *Historia Contemporánea: Ensino e Cultura*, vol. 4 de *Galicia. Historia*. A Coruña: Hércules de Ediciones, 1991.
- BEIRAS TORRADO, Xosé Manuel. *Estructura y problemas de la población gallega*. Coruña: Servicio de Estudios del Banco del Noroeste, 1964.
- BENSO CALVO, Carmen. “El libro en los inicios del sistema escolar contemporáneo”, *Sarmiento*, 1 (1997): 77-109.
- CABANO VÁZQUEZ, José Ignacio (dir. e ed.). *Catálogo Colectivo do Patrimonio Bibliográfico de Galicia. A imprenta en Galicia. Século XIX*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2000. 2 vols.
- CARBALLO, Francisco. “Falen polidamente o idioma cervantino. Unha publicación de 1867 axudaba a castelanizar teimadamente as escolas”, *A Nosa Terra*, 697 (26 de outubro de 1995): 26.
- CARRÉ ALDAO, Eugenio. *Catálogo de obras escritas en gallego*. Coruña: Imprenta y Librería de Carré, 1898.
- COSTA RICO, Antón. *Escolas e Mestres. A Educación en Galicia: Da Restauración á Segunda República*. Santiago: Xunta de Galicia, 1989.
- COSTA RICO, Antón; DE GABRIEL, Narciso; GONZÁLEZ RAPOSO, María; RIVAS BARRÓS, Isabel. “O proceso de alfabetización en Galicia (1860-1991)”, *Sarmiento*, 1 (1997): 11-40.
- COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio. *Diccionario Bio-bibliográfico de Escritores Gallegos*. 3 vols. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos, 1951-53.
- COTARELO VALLEDOR, Armando. *El castellano de Galicia. Notas y observaciones*. Madrid: Tipografía de la Revista de Archivos, 1927.
- DE GABRIEL Fernández, Narciso. *Leer, escribir y contar. Escolarización popular y sociedad en Galicia (1875-1900)*. Sada, A Coruña: Ediciós do Castro, 1990.
- *Escolantes e escolas de ferrado*. Vigo: Xerais, 2001.
- FERNÁNDEZ SALGADO, Benigno. *Os rudimentos da lingüística galega. Un estudio de textos lingüísticos galegos de principios do século XX (1913-1936)*. Santiago: Universidade de Santiago, 2000.
- FILGUEIRA VALVERDE, José & Correa Calderón, Evaristo. *Lengua Española. 3º Curso*. Coruña: Imprenta Moret, 1937.
- GARCÍA GONZÁLEZ, Constantino. “El castellano de Galicia”, in Manuel Alvar et al. *El castellano actual en las comunidades bilingües en España*. Valladolid: Junta de Castilla y León, 1886. 49-64.
- GARCÍA VÁZQUEZ DE QUEIPO, Antonio. *Enmienda de algunos vicios de*

- la locución que propenden de los naturales de Galicia.* Santiago: Imprenta de José María Parede, 1884. [PO-M JSC F-5].
- GRAÑA Y ORJE, Valentín. *Tratado sobre corrección del lenguaje castellano al alcance de los niños.* Pontevedra: Imprenta del Siglo, 1867. [PO-M FOLL GAL 4 nº2]
- LÁZARO CARRETER, Fernando & CORREA CALDERÓN, Evaristo. *Lengua Española 2º.* Salamanca: Anaya, 1969.
- LÓPEZ TABOADA, Carme. "Un Appendix Probi na Galicia do XIX", in M. Brea & F. Fernández Rei (eds.) *Homenaxe ó Profesor Constantino García.* Santiago: Universidade de Santiago, 1991. 105-124.
- MARIÑO PAZ, Ramón. *Historia da lingua galega.* Santiago: Sotelo Blanco, 1998.
- MONTEAGUDO, Henrique. *Historia social da lingua galega. Idioma, sociedade e cultura a través do tempo.* Vigo: Galaxia, 1999.

Fernández Salgado, Benigno. "Cómo falar bo castelán en Galicia. A corrección lingüística nos manuais de bo uso publicados no século XIX". *Actas do VII Congreso Internacional de Estudios Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península.* Barcelona 28 ó 31 de maio de 2003. Ed. de Helena González e M. Xesús Lama. Sada: Ediciós do Castro / Asociación Internacional de Estudios Galegos (AIEG) / Filoloxía Galega (Universitat de Barcelona), 2007. ISBN: 978-84-8485-266-7. Depósito Legal: C-27912007.

